Informe de legalidade sobre o proxecto de Orde pola que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, a proba de acceso á universidade e os procedementos de admisión ao Sistema Universitario de Galicia

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece no artigo 38 que para acceder aos estudos universitarios será necesaria a superación dunha proba que, xunto coas cualificacións obtidas no bacharelato, valorará, con carácter obxectivo, a madurez académica e os coñecementos adquiridos nese tramo educativo, así como a capacidade para seguir con éxito os estudos universitarios.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: og7TCEnM5M54 https://sede.xunta.gal/cve

Nese mesmo artigo sinálase que o Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá as características básicas da proba de acceso á universidade, previa consulta á Conferencia Xeral de Política Universitaria e informe previo do Consello de Universidades e do Consello Escolar do Estado.

Por outra banda, determínase que as administracións educativas e as universidades serán as encargadas de organizar a proba de acceso e garantirán a adecuación da proba ás competencias vencelladas ao currículo de bacharelato, así como a coordinación entre as universidades e os centros que imparten bacharelato para a súa organización e realización.

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, establece no seu artigo 31 o dereito de acceso á universidade, de acordo co artigo 27 da Constitución. Na mesma, determínase que lle corresponde ao Goberno, logo de informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Estudantes Universitarios establecer as normas básicas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais, sempre con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

O Real Decreto 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión recolle os requisitos que, en cada caso, e en función da titulación que se posúe, serán esixibles para acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, e prevé outras vías de acceso para aquelas persoas que, non estando en posesión dalgún dos títulos previstos na norma, cumpran determinados criterios de idade e experiencia laboral e/ou profesional. Así mesmo, regula os criterios específicos para a adxudicación de prazas polas universidades públicas.

Por outra banda, no artigo 18 do dito decreto disponse que as administracións educativas, oídas as universidades, constituirán, nos seus respectivos ámbitos de xestión, unha comisión organizadora da proba de acceso.

Á súa vez, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, determina no seu artigo 3 que o Sistema universitario de Galicia está integrado pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, se for o caso, por aqueloutras que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia. Asemade, establece no seu artigo 11 que aos efectos do ingreso nos centros universitarios, as universidades públicas integrantes do Sistema Universitario de Galicia constitúense nun distrito único para os estudos de grao e de mestrado. Os e as estudantes poderán acceder a calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia sempre e cando reúnan os requisitos académicos necesarios.

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: og7TCEnM5M54 https://sede.xunta.gal/cve

2. Necesidade e oportunidade

Ante o novo marco estatal, resulta necesario dotar a Comunidade Autónoma dun marco normativo estable que regule de maneira integral os distintos aspectos relacionados co acceso e coa admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao. O obxectivo é establecer con claridade os requisitos para o acceso e admisión ao Sistema universitario de Galicia, garantindo a adecuación dos procedementos ao establecido na normativa estatal e autonómica aplicable. Con este novo texto, preténdese superar a provisionalidade das instrucións anuais aplicadas nos últimos exercicios, proporcionando á comunidade educativa un instrumento xurídico estable que garanta a seguridade xurídica, a transparencia e a igualdade de oportunidades mediante un modelo organizativo máis manexable e eficaz.

A norma ten por obxecto regular as diferentes probas de acceso á universidade, atendendo ás singularidades de cada unha delas e establecendo as súas características básicas, sistemas de organización, desenvolvemento e cualificación, así como regular o proceso de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia, determinando a organización e os procedementos aplicables, todo iso co fin de garantir a obxectividade, a transparencia, a igualdade de oportunidades e a seguridade xurídica.

Paralelamente, a norma pretende que a Comunidade Autónoma de Galicia avance cara a un modelo de proba de acceso común en toda España para favorecer a obxectividade, a igualdade de oportunidades e a coherencia dos procedementos.

En conclusión, a oportunidade desta norma non reside unicamente no desenvolvemento da normativa estatal, senón na necesidade de establecer un marco xurídico autonómico completo, estable e coherente que permita regular os requisitos de acceso, as características, organización e cualificación das diferentes probas de acceso á universidade e, finalmente, os criterios e procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia. Todo isto coa finalidade de clarificar competencias, garantir seguridade xurídica e ofrecer ao alumnado un procedemento transparente, obxectivo e baseado nos principios de igualdade de oportunidades e mérito e capacidade.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: og7TCEnM5M54 https://sede.xunta.gal/cve

disposicións iniciarase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, iniciou o presente procedemento por acordo do 14 de xaneiro de 2026.

Así mesmo, dispone que iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto, levarase a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto. A este respecto cabe indicar que segundo consta no certificado emitido o 1 de xuño de 2026 pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a presente proposta normativa expúxose publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno aberto, durante o período comprendido entre o 15/05/2026 e o 29/05/2026, constando a recepción de nove achegas/opinións.

A súa vez, a disposición adicional decimosexta establece que para contribuír ao obxectivo de cumprir os principios de racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa, unha vez iniciado o prodecemento de elaboracón de anteproxecto de lei ou de dipsocións administrativas de carácter xeral, para a redacción do correspondente anteproxecto de norma constituirase unha comisión coa composició que determine o centro directivo que tivese a iniciativa e na que se integrá, polo menos, a persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellería. consta acordo de constitución da comisión encargada da redacción da norma de data 4 de febreiro de 2026.

A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 22 de setembro de 2026.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o 22 de setembro de 2026, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 27 de outubro de 2026 pola directora da Área de Administración dixital da Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 01/10/2026 e o

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: og7TCEnM5M54 https://sede.xunta.gal/cve

22/10/2026 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente na fase "En prazo de envío de suxestións" do portal de Transparencia e Goberno aberto o texto íntegro do proxecto de orde, non tendose recibida ningunha suxestión.

Así, na tramitación do proxecto solicitáronse os informes de impacto de xénero e da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, que se emitiron, ambos os dous, o 9 e 23 de outubro de 2026, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Recibíronse observacións da Consellería de Política Social; da Secretaria Xeral para o Deporte, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; e do Instituto Galego de Estatística a través da Secretaria Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia

Así mesmo constan alegacións feitas pola USC e pola UDC no trámite de audiencia na fase intermedia da tramitación.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional emitiu o seu informe favorable o 4 de novembro de 2026.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, **informo favorablemente** o proxecto de Orde pola que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, a proba de acceso á universidade e os procedementos de admisión ao Sistema Universitario de Galicia

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Asinado por: MANUEL VILA LOPEZ
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 06/11/2026 10:03:35

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: og7TCEnM5M54 https://sede.xunta.gal/cve